

Concello de Outes

Expediente núm.: 699/2021

Procedemento: Selección de Persoal e Provisión de Postos

**ASUNTO: BASES SELECCIÓN 2 OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES
PERCEPTORES DA RISGA PARA O CONCELLO DE OUTES.**

Vistas as bases para cubrir dúas prazas de operarios de servizos múltiples no marco do Programa de fomento do emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia en colaboración coas Entidades Locais (Orde do 12 de abril de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da RISGA, e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2021, publicada no DOG núm. 78, do 27 de abril de 2021), aprobadas por resolución de alcaldía (Número de decreto 2021-0296 de data 05/08/2021)

Vista a resolución da subvención ao Concello de Outes da Xefatura Territorial do 19 de xullo de 2021, onde conceden os custes salariais totais para dúas contratacións, nos termos expresados na mesma.

Considerando que este é un plan de emprego de integración sociolaboral dirixido a persoas en risco de exclusión social perceptores de RISGA e que en Outes na actualidade só se conta cunha persoa que cumpra cos requisitos para poder acceder ao mesmo, polo que si non se abre a outros Concellos, quedaría a outra praza ofertada vacante, o cal iría en prexuízo deste colectivo de persoas que loitan pola súa inserción.

Sensibilizado este Concello coa problemática mencionada e intentando colaborar para mellorar a situación das persoas en risco de exclusión sexan de Outes ou non,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Abocar a competencia da Alcaldía delegada na Xunta de Goberno, por Decreto 171/2019, do 28 de xuño.

SEGUNDO.- Modificar a base 6ª das bases de selección, que quedaría redactada como segue:

Ser perceptor/a de RISGA do Concello de Outes e, no caso de non ter candidatos suficientes para cubrir as prazas ofertadas, admitir perceptores de RISGA de concellos limítrofes, preseleccionadas polo servizo público de emprego.



Concello de Outes

TERCEIRO.- Dar publicidade desta resolución, publicándoa na páxina web do Concello de Outes, aos efectos de transparencia na actuación corporativa.

Outes, na data que figura á marxe

O alcalde

Perante min, a secretaria

D. Manuel González López

Da. Minia Astray Barca

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

